



a AVALIACIÓN dos MATERIAIS DIDÁCTICOS en SOPORTE IMPRESO e DIXITAL.

11-12/Marzo/2011

Facultade CC. da Educación
(USC – Campus Sur)

DESCRIBIÓN XERAL da ACTIVIDADE:

Este seminario ten unha intencionalidade práctica, na que buscamos proporcionar ao profesorado criterios que lle axuden a seleccionar e avaliar os recursos educativos tanto en soporte impreso e dixital.

A actividade ofrece aos profesores diferentes propostas e modelos de avaliación que lles axuden a analizar e seleccionar os diferentes tipos de materiais (libros de texto, guías didácticas, Cds, Webs, videoxogos, etc.). As diferentes propostas de avaliación deste seminario axudarán a analizar os diferentes materiais didácticos dos que dispoñemos nos centros educativos dende diferentes perspectivas e ámbitos.

A avaliación dos materiais didácticos axudaranos a seleccionar e elaborar materiais máis coherentes cun modelo e proxecto de escola. Así mesmo, servirános para axudar a facer un uso máis coherente e crítico dos materiais en relación cos proxectos educativos e curriculares de centro. A avaliación axudaranos tamén a repensar o significado dos materiais didácticos nos diferentes momentos do curso e coñecer cales son as consecuencias que se derivan na práctica do uso que se realice dos mesmos.

ORGANIZA:

Grupo Cavila (NEG) e Dpto. de Didáctica e Org. Escolar (USC).

DESTINATARIOS:

Profesorado dos diferentes niveis do ensino público e privado (Infantil, Primaria, Secundaria e Formación Profesional).

OBXECTIVOS:

- Comprender a utilidade de avaliar os materiais didácticos.
- Favorecer a toma de decisións ao redor de materiais curriculares no contexto escolar dun xeito crítico e construtivo.
- Identificar as diferentes modalidades de guías e modelos de avaliación de recursos tanto en soporte impreso e dixital.
- Analizar e revisar as guías e modelos de avaliación dos que poden dispoñer os profesores/as de utilidade práctica na toma de decisións.
- Aprender a utilizar as propostas de avaliación de materiais con diferentes características (CDs, Libros de Texto, páxs webs, vídeos, DVDs..).
- Analizar colaborativamente os recursos didácticos.

METODOLOXÍA do SEMINARIO:

AS SESIÓNS TEÓRICAS:

A conferencia, o relatorio e a mesa redonda, servirán para axudarnos a situar a cuestión da avaliación no conxunto das tomas de decisións que poidamos adoptar en relación cos recursos.

OS OBRADOIROS:

Con estas sesións baseadas nunha metodoloxía activa, preténdese que o asistente teña a posibilidade de iniciarse no desenvolvemento práctico da avaliación sistemática dos materiais e recursos cos que conta para a súa actividade profesional diaria.

O asistente terá a oportunidade de participar en dous obradoiros. En liñas xerais a estrutura dos obradoiros en cada unha das modalidades será a seguinte:

Cada coordinador presentará modelos de avaliación cos que se conta para poder avaliar materiais aos que fai referencia, posteriormente realizará un achegamento detallado a unha das guías clarificando a súa estrutura, xeito de uso e funcionalidade. A continuación procederase a un desenvolvemento práctico co conxunto dos asistentes. Rematada esta sesión teórico-práctica procederase a unha posta en común (mesa redonda) dos resultados atopados, froito da análise dos materiais, e procederase a reflexionar sobre o que supuxo o proceso de avaliación dos recursos achegados polos asistentes.

-**NÚMERO MÁX. DE PARTICIPANTES:** 50 (12 deles poderán ser parados).

-**HORAS:**12.

-**PREZO DA MATRÍCULA:** Xeral, 40 € (a partir do 4 de marzo, 50 €).

Asociados/as NEG, 20 € (a partir do 4 de marzo, 30 €), Parados/as, 30 € (a partir do 4 de marzo, 40 €). Deberase acreditar, no seu caso, a condición de parados/as ou membros de NEG).

-**PRAZO DE INSCRIPCIÓN:** Ata o día 7/03/2011. O ingreso debe ser realizado na conta de CAIXA GALICIA: 2091 – 0300 – 45 – 3040089500

Para formaliza-la inscrición, enviarase cuberto o formulario achegado, xunto coa copia do ingreso bancario (no que figuren nome, apelidos e D.N.I.) ao seguinte enderezo:

NOVA ESCOLA GALEGA.

Apdo. 586, Santiago de Compostela, A Coruña. TEL/FAX: 981-562-577

Correo-e: neg@mundo-r.com. Sitio web: <http://www.nova-escola-galega.org>

É posible solicitar axuda económica para a asistencia a esta actividade de formación segundo a Orde do 8/1/2010 (DOG do 11/2).

En trámite a homologación, con 12 horas de formación, por parte da Consellería de Educación.

RESERVA E INSCRIPCIÓN AOS OBRADOIROS:

Cada persoa inscrita no seminario ten dereito a asistir a 2 obradoiros. Neste boletín poderá manifestar a súa preferencia. De non facer a súa elección asignaráselle dous obradoiros de oficio entre os que teñan prazas libres.

A distribución nos obradoiros, farase por estrito orde de chegada das solicitudes. No momento de recoller a documentación, indicaráselle a que dous obradoiros poderá asistir. No caso de ter algunha dúbida envíe un mail a NEG.

INDIQUE os OBRADOIROS nos que desexa participar segundo a ORDE de PREFERENCIA (mirar programa):

- 1-
- 2-
- 3-
- 4-

PROGRAMA:

Venres:

17:00 – 17:30 RECOLLA DE MATERIAL

17:30 ACTO DE INAUGURACIÓN

18:00 – 20:00 CONFERENCIA INAUGURAL:

"Metodoloxía para a análise do material multimedia"

ENRIQUE GARCÍA PASCUAL
Universidade de Zaragoza

20:00 – 21:30 RELATORIO.

"As intelixencias múltiples e as competencias nos materiais didácticos"

GRUPO CAVILA
Nova Escola Galega.



Sábado:

09:30 – 11:00 OBRADOIROS (Modalidade rotatoria: 10 participantes por obradoiro)

Obradoiro 1: Análise de Libros de Texto e materiais impresos. (*Prof. Xesús Rodríguez Rodríguez*).

Obradoiro 2: Análise de Recursos Educativos Multimedia e Videoxogos. (*Prof. David Rodríguez Martínez*).

Obradoiro 3: Pautas para el análisis de material multimedia. (*Prof. Enrique García Pascual*).

Obradoiro 4: Análise das dificultades de aprendizaxe nos materiais didácticos (*Profas. Margarida de Paiva e M^a Montserrat Castro Rodríguez*).

11:00 – 11:30 DESCANSO.

11:30 – 13:30 CONTINUACIÓN DOS OBRADOIROS.

16:00 – 17:30 ROTACIÓN DOS OBRADOIROS.

17:30 – 18:00 DESCANSO.

18:00 – 19:30 CONTINUACIÓN DOS OBRADOIROS.

19:30 – 21:00 MESA REDONDA:

"A utilidade de avaliar os materiais didácticos". Conclusións conxuntas dos obradoiros.
Coordinador: Prof. Xesús Rodríguez Rodríguez.

21:00 ACTO de CLAUSURA.



BOLETÍN de INSCRICIÓN:

Apelidos e Nome: DNI:

Enderezo: Concello:

C.P.: Teléfono: E-mail:

NRP: Destino: Definitivo Interino Provisional Privado Parado

Centro de destino: Enderezo:

Concello: Provincia: C.P.:

Teléfono: E-mail: C.P.:

Nivel no que ensina: Infantil Primaria ESO Bacharelato Ciclos Formativos

Materias ou especialidade que imparte: